LUGO - INFORMACIÓN CULTURAL

# ACTIVIDADES E EVENTOS CULTURAIS EN LUGO

## MARZO 2020

PROGRAMA **DO 05/03** AO **11/03**

**CONCELLO DE LUGO**
Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua

Concello de Lugo
Área de Cultura, Turismo e Promoción da lingua

# 05 XOVES

## INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN "TECER PARA CRER"

18:00 h. | EXPOSICIÓN

Exposición de colchas e tecidos tradicionais realizadas por mulleres artesás pioneiras nos oficios do tecido na provincia de Lugo.

**ONDE:** SALA DE EXPOSICIÓNS DA CAPELA DE SANTA MARÍA, RONDA DA MURALLA, 140
**ENTRADA DE BALDE** ATA COMPLETAR CABIDA



## PRESENTACIÓN DE "ABECEDARIO DE R. CARVALHO CALERO"

19:30 h. | LIBROS

Rafael Fernando Lorenzo, o autor, presenta este vocabulario literario que por orde alfabética nos descubre facetas importantes de Carvalho Calero.

**ONDE:** LIBRERÍA TRAMA
**ENTRADA DE BALDE** ATA COMPLETAR CABIDA



## INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN "MOMENTOS"

20:00 h. | EXPOSICIÓN

*A exposición recolle corenta óleos sobre lenzo de tamaño mediano e grande do pintor Constantino Cuesta Ibáñez.*

**ONDE:** MIHL
**ENTRADA DE BALDE** ATA COMPLETAR CABIDA

## PRESENTACIÓN DE "ANICETA" Y "LA TOPITA CIEGA"

20:00 h. | LIBROS

Presentados por Anxela Gracián, autora, e Christian Villamide, ilustrador.

**ONDE:** O VELLO CÁRCERE
**ENTRADA DE BALDE** ATA COMPLETAR CABIDA

## MICROPEZAS TEATRAIS

20:30 e 22:30 h. | TEATRO

Catro pezas interpretadas por Microefectos Dramatúrxicos.

**ONDE:** CLUB CLAVICÉMBALO

## "PLÁSTICA E SONORA"

21:00 h. | CHARLA

Diálogo entre Marta Pazos e Hugo Torres da compañía Voadora sobre a música e a creación escénica contemporánea.

**ONDE:** CASA DO SABER
**ENTRADA DE BALDE** ATA COMPLETAR CABIDA
**PROMOVE:** LUGO CULTURAL

# 06 VENRES

## HOMENAXE A ROSALÍA DE CASTRO DESDE A CULTURA URBANA

18:00 h. CULTURA URBANA

García MC e Otro Prisma. Espectáculo de cultura urbana e proxección de vídeos gravados en centros educativos da provincia.

**ONDE:** SALÓN DE ACTOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO
**ENTRADA DE BALDE** ATA COMPLETAR CABIDA

## MICROPEZAS TEATRAIS

20:30 e 22:30 h. TEATRO

Catro pezas interpretadas por Microefectos Dramatúrxicos.

**ONDE:** CLUB CLAVICÉMBALO

## INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN DE XAN LÓPEZ DOMÍNGUEZ

20:00 h. EXPOSICIÓN

**ONDE:** GALERÍA LA CATEDRAL, BOLAÑO RIVADENEIRA 17
**ENTRADA DE BALDE** ATA COMPLETAR CABIDA

## "AS BRUXAS DE MACBETH"

20:30 h. TEATRO

Tres bruxas rexorden da tumba para levar a cabo, unha vez máis, a representación da obra Macbeth ante o público... interpretada por Atalaya Teatro – Centro Internacional de Investigación Teatral TNT.

**ONDE:** AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE
**ENTRADAS:** ENTRADASLUGO.ES / BILLETEIRA
**PROMOVE:** ÁREA DE CULTURA DO CONCELLO



## CONCERTO DE "RAFA FERNÁNDEZ"

21:00 h. MÚSICA

Música ambiental onde converxen os sons acústicos e eléctricos de vangarda.

**ONDE:** CASA DO SABER
**ENTRADA DE BALDE** ATA COMPLETAR CABIDA
**PROMOVE:** LUGO CULTURAL

**Información completa da XX Mostra de Teatro Clásico nas páxinas seguintes >**

# 07 SÁBADO

## PASEO GUIADO POLA ARTE URBANA DE LUGO

10:00 h. TURISMO

Saída desde o Parque de Rosalía.

**ONDE:** PARQUE ROSALÍA DE CASTRO
**ENTRADAS:** ATA 6 € NA SAÍDA
**PROMOVE:** GUIDO GUÍA

## MASTERCLASS CON BEATRIZ DEL MONTE

11:00 h. DANZA

Masterclass gratuíta.Traballaranse diferentes ferramentas para alcanzar a conciencia corporal e escénica. Dende ónde me movo? qué lugar ocupo?.

**ONDE:** C.S. MARUJA MALLO
**ENTRADAS:** DE BALDE NO 010
**PROMOVE:** LUGO EN DANZA. ÁREA DE CULTURA DO CONCELLO

## "¿QUÉN OCUPA ESA CADEIRA? ESPECIAL MULLERES"

12:30 h. TEATRO

Escola Palimoco Teatro.

**ONDE:** FONDO DA PRAZA MAIOR

## CONCERTO DE "THE BO DEREK'S"

13:30 h. MÚSICA

Old school rock'n'roll na terraza do Ho! Gruf e se chove, no Clavi.

**ONDE:** HO! GRUF
**ENTRADAS:** DE BALDE

## CONCERTOS PRESENTACIÓN MELONAFEST V: TRIFULCA + HORUS

16:30 h. MÚSICA

**ONDE:** O MERCADO – MERCADO MUNICIPAL QUIROGA BALLESTEROS
**ENTRADA DE BALDE** ATA COMPLETAR CABIDA

## TALLER DIDÁCTICO DE ARQUEOLOXÍA: "EXCAVAMOS UN SOLAR"

17:00 h. CURSO

Para nen@s de 6 a 14 anos conceptos e metodoloxías básicas da arqueoloxía, á vez que se divirten participando nunha excavación "In Situ".

**ONDE:** MIHL
**ENTRADAS:** ESGOTADAS

## "A PLUMA VIVA DE ROSALÍA"

18:00 h. TEATRO

Compañía: Os Quinquilláns.

**ONDE:** SALÓN DE ACTOS DA DEPUTACIÓN
**ENTRADA DE BALDE** ATA COMPLETAR CABIDA

## "UN CABARET DO MÁIS NORMAL"

20:00 h. TEATRO

Dentro do circuíto galego de teatro amador 2020.

**ONDE:** AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE
**ENTRADAS:** 3 € ENTRADASLUGO.ES E NA BILLETEIRA

## 3 PEZAS CURTAS DE DANZA E ARTES DO MOVEMENTO

20:30 h. DANZA

Danza contemporánea e experimental co Colectivo Globo, Cia Exire, e Beatriz del Monte.

**ONDE:** MIHL
**ENTRADAS:** DE BALDE NO 010
**PROMOVE:** LUGO EN DANZA – ÁREA DE CULTURA DO CONCELLO

# 07 SÁBADO

## CONCERTO DE "LEA BERTUCCI"

20:30 h. | MÚSICA

Altofalantes, retroalimentación electroacústica e colaxe de cintas analóxicas é a innovadora proposta desta aclamada artista interdisciplinar norteamerica.

**ONDE:** O VELLO CÁRCERE
**ENTRADA DE BALDE** ATA COMPLETAR CABIDA
**PROMOVE:** LIBERDADES SONORAS – CLAP LUGO – WORK ON SUNDAY - ÁREA DE CULTURA DO CONCELLO




## CONCERTO DE "TONTXU + DAVID PRADO"

21:00 h. | MÚSICA

**ONDE:** JAGERLOUNGE
**ENTRADAS:** ENTRADIUM / BILLETEIRA

## BACK TO NATURE METAL FEST WARM UP

22:30 h. | MÚSICA

Concerto de Arson Tides + Burning The Waves + Galyrion.

**ONDE:** CLUB CLAVICÉMBALO

**#activandolugo**

# 08 DOMINGO

## "O VIXILANTE DOS SOÑOS"

12:30 h. | TEATRO

**ONDE:** SALA HIPÓCRITA – ÍTACA ARTES ESCÉNICAS (R/ DOUTOR GASALLA, 18)
**ENTRADAS:** 5 € EN HIPOCRITATEATRO@GMAIL.COM

## CONCERTO DE "FAIA"

20:00 h. | MÚSICA

**ONDE:** SALÓN DE ACTOS DA DEPUTACIÓN
**ENTRADAS:** DE BALDE ATA COMPLETAR CABIDA

## 09 LUNS

### CONCERTO DE "HIT THE BEAT"

20:00 h. | MÚSICA

Versións de jazz, pop, rock, ragtime... con espectáculo de maxia simultáneo.

**ONDE:** CASA DO SABER
**ENTRADA DE BALDE** ATA COMPLETAR CABIDA
**PROMOVE:** LUGO CULTURAL

## 10 MARTES

### "IMPORTANCIA E ACTUALIDADE DO GRUPO NÓS NA CULTURA GALEGA"

20:00 h. | CONFERENCIA

**ONDE:** MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
**ENTRADA DE BALDE** ATA COMPLETAR CABIDA

### "COMPLEXO DE EDIPO"

20:30 h. | TEATRO

Dirixida, escrita e interpretada por Quico Cadaval.

**ONDE:** O VELLO CÁRCERE
**ENTRADA DE BALDE** EN ENTRADASLUGO.ES
**PROMOVE:** ÁREA DE CULTURA DO CONCELLO

**Información completa da XX Mostra de Teatro Clásico nas páxinas seguintes >**



## 11 MÉRCORES

### "A PITIÑA COCORICÓ"

18:30 h. | CONTACONTOS

Recomendada para nenos e nenas de 11 meses a 3 anos.
Entrada de balde previa retirada na propia biblioteca desde o luns pola tarde.

**ONDE:** BIBLIOTECA MUNICIPAL ISIDRO NOVO
**ENTRADA DE BALDE** ATA COMPLETAR CABIDA
**PROMOVE:** ÁREA DE CULTURA DO CONCELLO + APEGO

**#activandolugo**

# CENTROS CULTURAIS EN LUGO

CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua

## CENTRO CULTURAL O VELLO CÁRCERE

**Horario**:
De domingo a mércores: 11:00 a 14:00 h. e 17:00 a 20:30 h.
De xoves a sábado: 11:00 a 14:00 h. e 17:00 a 22:30 h.

**Entrada de balde**.

**Visitas guiadas** de mércores a domingo ás 12:30 e ás 18:00 h. ou **posibilidade de visitas guiadas organizadas** de balde previa inscrición no 982 297 195 ou no mail:
vellocarcere@concellodelugo.org

**Servizo de biblioteca** de consulta de balde.

**Espazo de lecer** os sábados, domingos e festivos de 11:00 a 14:00 h. e de 17:30 a 20:30 h. Dirixido a nenas e nenos de 3 a 8 anos.

**Exposicións actuais**:

- "Camín de Madeira", de Inazio Abraio – Escultura – Ata o 07/04.
- "Prontuario", de Vanessa Somoza Domínguez – Pintura – Ata o 08/03.
- "O Vello Cárcere da Guerra á Posguerra" – Sobre os presos políticos da Guerra Civil e da Posguerra.
- "Elas" - A investigadora Aurora Marco reivindica a presenza da muller galega en diferentes ámbitos.
- "Serie Amarilla, 1195-2003", de Quessada – Pintura.

**Redes sociais**:

www.facebook.com/OVelloCarcere
www.twitter.com/o_vello_carcere
www.instagram.com/ovellocarcere

**PRAZA DA CONSTITUCIÓN S/N, 27002 LUGO**
**982 297 195**
**VELLOCARCERE@CONCELLODELUGO.ORG**

## MIHL (MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO)

**Horario** (do 01/01 ao 31/05 - excepto Semana Santa):
De martes a venres de 10:00 a 13:30 h. e de 16:00 a 19:30 h.
Sábados, domingos e festivos de 10:00 a 14:00 h. e de 16:30 a 19:30 h.
Fechados os luns, excepto festivos.

**Entrada de balde.**

Para **visitas de grupos** hai que concertar cita por teléfono ou na Oficina Municipal de Turismo (Praza do Campo, 11).

**Exposicións actuais:**

- "De Lucus a Lugo" – Historia da cidade de Lugo desde a súa orixe romana.
- Na "Mediateca": vídeos en tres dimensións e dúas mesas táctiles con información interactiva sobre o Lugo Romano.
- "Visións de Lugo" – Pintura – Obras dos certames de Pintura Rápida de Lugo 2017-2018.
- "Desenterrar o Pasado" – Arqueoloxía – 30 anos de arqueoloxía urbana de Lugo. **Novidade: Sábados e domingos: Visita guiada ás 12:00 con entrada de balde ata completar cabida.**

**Redes sociais**:

www.facebook.com/Museo Mihl
www.instagram.com/mihl_museo

**MONTE FARO, S/N PARQUE DA MILAGROSA**
**(ANTIGO FRIGSA) 27003 LUGO**
**TF: 982 297 446**

## CINE EN LUGO

Do xoves 05/03 ao mércores 11/03 (a ter en conta: os venres é día das estreas).

**CODEX CINEMA:** Parásitos, A candidata perfecta, Sinónimos, O amor está na auga, O que arde, Só nos queda bailar, Casanova, O ovo do dinosaurio, A famosa invasión de Sicilia polo oso.

**CINES CRISTAL:** El hombre invisible, Especiales, La llamada de lo salvaje, Sonic, la película; La llamada de lo salvaje, Sonic, Parásitos.

**CINES YELMO:** Cuestión de justicia, El hombre invisible, The Gentlemen - Los señores de la mafia, Manhattan sin salida, La llamada de lo salvaje, Sonic, la película; Hasta que la boda nos separe, Bad boys for life, Parásitos, Adú.

Consulta nas webs dos cinemas os horarios data a data.

**Marzo 2020**

**Auditorio Municipal Gustavo Freire**



# MOSTRA TEATRO CLÁSICO LUGO

Venres **6** 20:30 h



## AS BRUXAS DE MACBETH

de Antonio Álamo

**ATALAYA TEATRO/CENTRO INTERNACIONAL DE INVESTIGACIÓN TEATRAL TNT**

**Dirección:**
Ricardo Iniesta

**Intérpretes:**
Marga Reyes
Carmen Gallardo
Aurora Rosales
Luis Navarro

**Duración:**
60 minutos

★★★★★
**Premio Nacional de Teatro 2008**

Tres bruxas rexurden da tumba para levar a cabo, unha vez máis, a representación da obra Macbeth ante o público. Unha delas négase a continuar co guión establecido e invocar antes de tempo á deusa Hécate quen indica que deben entrar no corazón do respectable. É aquí cando deciden presentarse ao público cos nomes que Shakespeare nunca lles deu e demostrar que nunca puideron desenvolver o seu propio guión vital pola terrible caza de bruxas acaecida desde a Idade Media ao século XVII. Un espectáculo que divirte e belisca por igual.

Martes **10** 20:30 h



## COMPLEXO DE EDIPO

de Quico Cadaval

**PRODUCIÓNS TEATRAIS EXCÉNTRICAS**

**Dirección:**
Quico Cadaval

**Intérpretes:**
Quico Cadaval

**Duración:**
85 minutos

★★★★★
**Vello Cárcere**

O "Edipo" é tan propio xa de Cadaval que chega a presentalo dicindo que o "público europeo coñece mellor a versión do ribeirán que a orixinal do inmortal Sófocles". A taberneira do porto galego como figura central que Quico Cadaval ten tan próxima na biografía convértese en protagonista dun dos monólogos máis celebrados do relato oral galego. Un dos máis recoñecidos nomes do teatro galego enche el só o escenario cunha historia na que a psicanálise mestúrase coa gastronomía ou a épica ata construír un entramado que fai del un extraordinario relato.

O actor narrará un relato mítico dun home que mata o seu pai, déitase coa súa nai e chama fillos aos seus irmáns agora comentado por unha taberneira dun porto galego que ademais é a nai de Cadaval. A cociñeira despreza o mito clásico ao mesmo tempo que lle dá a receita da carne asada.

Gastronomía, épica, "dixomedixomes", psicanálise, noticias sorprendentes sobre a monarquía española.

Todo iso dá como resultado un monólogo traxiridículo.

4 5

# MOSTRA TEATRO CLÁSI LU



**Venres, 6 de marzo**
**AS BRUXAS DE MACBETH**
de Antonio Álamo
ATALAYA TEATRO/CENTRO INTERNACIONAL DE INVESTIGACIÓN TEATRAL TNT
AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE

**Martes, 10 de marzo**
**COMPLEXO DE EDIPO**
de Quico Cadaval
PRODUCIÓNS TEATRAIS EXCÉNTRICAS
O VELLO CÁRCERE

**Xoves, 12 de marzo**
**MEDIDA POR MEDIDA**
de William Shakespeare
PRODUCIÓNS TEATRAIS EXCÉNTRICAS
AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE

**Venres, 13 de marzo**
**TODAS HIEREN Y UNA MATA**
de Álvaro Tato
AY TEATRO
AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE

**Sábado, 14 de marzo**
**LÁZARO DE TORMES**
anónimo
PEDRAS DE CARTÓN
AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE

**Domingo, 15 de marzo**
**MACBETH O RUÍDO E A FURIA**
de William Shakespeare
ESTUDO MOMENTO
AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE

**Xoves, 19 de marzo**
**CASA O'REI**
de Santiago Cortegoso
IBUPROFENO TEATRO
AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE

**Venres, 20 de marzo**
**ENTRE BOBOS ANDA EL JUEGO**
de Rojas Zorrilla, versión Yolanda Pallín
NOVIEMBRE TEATRO e COMPAÑÍA NACIONAL DE TEATRO CLÁSICO
AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE

**Sábado, 21 de marzo**
**Y LOS SUEÑOS, SUEÑOS SON**
de Calderón de la Barca
TROPOS, TEATRO DE TÍTERES
AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE

**Domingo, 22 de marzo**
**RICARDO III**
de William Shakespeare, versión libre de Miguel del Arco e Antonio Rojano
EL PAVÓN TEATRO KAMIKAZE
AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE

## BONOS Y ENTRADAS

**BONOS (7 representacións):**
**ZONA A: 35 € · ZONA B: 26,25 €**

**ENTRADAS:**
**ZONA A: 8 €* · ZONA B: 6 €***

* Desconto do 37,5 % para persoas en paro, menores de 30 anos, pensionistas e actores e actrices asociados á AAAG:
ZONA A: 5 € ZONA B: 3,75 €

As dúas obras de público familiar, de Pedras de Cartón e Tropos Teatro de Títeres, van ter un prezo único de 5 € e non entrarán nos bonos.

A obra de Quico Cadaval, o Complexo de Edipo, que se representará no Vello Cárcere, terá entrada de balde ata completar a cabida.

## SISTEMA DE VENDA

**BONOS:** Na **Oficina de Turismo**, praza do Campo, núm. 11, ou a través do portal web **entradaslugo.es** ata o 5 de marzo. Teléfono: **982 251 658**

**ENTRADAS:** A través do portal web **entradaslugo.es** e na **Oficina de Turismo** ata 3 horas antes do comezo de cada función; e no **Auditorio Municipal Gustavo Freire**, o día da función, desde unha hora e media antes do comezo do espectáculo.

* As persoas que adquiran entrada con desconto deberán acreditarse na porta de acceso.

## MÁIS INFORMACIÓN

Chamando ao teléfono do Concello, **010**, ou ao **982 297 350** se chamas desde fóra de Lugo

**IMPORTANTE: non se permitirá o acceso á sala unha vez comezada a función, nin con comida e bebida.**

**Prohíbese a toma de fotografías e gravación do espectáculo, tanto no que se refire a son coma a imaxe, a excepción dos medios gráficos previamente autorizados.**

Concello de Lugo
Área de Cultura, Turismo e Promoción da lingua

**www.lugo.gal**

LugoTurismo · culturaturismolugo · lugoturismo

# LUGO CULTURAL

Programación Cultural ✷ 2020



## MÚSICAS A CARÓN DA MOSQUEIRA

CASA DO SABER ÁS 20:00 HORAS (AGÁS O 11 DE MAIO: CÍRCULO DAS ARTES, ÁS 20:30 HORAS)
ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR AFORO

- **10 febreiro:** Cuarteto Óscar Esplá, de Asisa
- **23 marzo:** Inés Moreno, clave
- **13 abril:** Luis Alejandro García, guitarra
- **11 de maio:** Coro Universidade de Santiago de Compostela
- **18 de maio:** Trío Schola, clarinete, violonchelo e piano

## NOITES NA DOMUS

Visitas guiadas co arqueólogo Celso Rodríguez Cao + música en directo.

Dous pases (20:30 e 21:45 horas). Entrada gratuita. Recollida de entradas (2 por persoa) o día anterior ao evento, de 9:00 a 14:00 horas na Oficina de Cultura da USC. Capacidade limitada a 22 persoas por pase.

- **13 de marzo e 3 abril:** Germán Díaz
- **15 de maio:** Sólo Voces

## NA CALZADA

CASA DO SABER ÁS 20:00 HORAS
ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR AFORO

- **17 de febreiro:** Aida Saco (piano). Ronseis do tempo
- **9 de marzo:** Hit the Beat "Música entre amigos"
- **27 de abril:** "A historia a través da música" Silvia Ouro (saxo), Marta García (tuba), Álvaro Gay (batería)
- **25 de maio:** Son de Corda. Piano e voces.

  Director Fernando Jácome

## LUBICÁN

21:00 HORAS
ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR AFORO

- **27 de febreiro:** Wöyza presentación Tábula Rasa. Círculo das Artes
- **12 de marzo:** MJ Pérez presentación A luz prendida. Círculo das Artes
- **23 de abril:** Agoraphobia presentación Unaligned. Praza de Santa María (en caso de choiva, Círculo das Artes)
- **28 de maio:** Best Boy. Praza de Santa María (en caso de choiva, Facultade de Veterinaria)

## LUBICÁN ÍNTIMO

21:00 HORAS

- **14 de febreiro:** Pablo Sanmamed Trío presentación 16/04. Casa do Saber
- **6 de marzo:** Rafa Fernández Presentación de A cara bonita da pedra. Casa do Saber

## XOVES DE MODA

21:00 HORAS

- **13 de febreiro:** Ada ou contar de memoria unha novela de Nabokov María Roja+María Chiginskaya. Casa do Saber
- **5 de marzo:** "Plástica&Sonora Diálogo entre a música e a creación escénica contemporánea": Marta Pazos e Hugo Torres. Casa do Saber
- **16 de abril:** Telémaco, gravación en directo de Lume. O Vello Cárcere
- **7 de maio:** "Colapso Jam" Lctrct (Dj), Che (síntese modular), M8 (Live cinema analóxico) e Xoán-Xil López (espacialización sonora). Vestíbulo Auditorio da Facultade de Veterinaria

## ENCONTRO UNIVERSITARIO DE DANZA

27 E 28 DE MARZO.
VELLO CÁRCERE ÁS 20:30 HORAS

Compañía Independente da USC
Compañía Sen Vergoña da USC (IV Ciclo)
Compañía USCompostela
Compañía USC- Lugo
Aula de Danza NORMAL da UDC

## FESTIVAL DE TEATRO UNIVERSITARIO

DO 27 AO 31 DE MARZO
AUDITORIO GUSTAVO FREIRE
ÁS 20:30 HORAS

- **27 de marzo:** Intervención polo Día Internacional do Teatro. Grupos de Lugo. Fondo Praza Maior ás 20:00 horas
- **28 de marzo:** Compañía teatro USC Lugo: "**Ubú Rei**" de Alfred Jarry
- **29 de marzo:** **Mosaico** ás 18:00 horas no Vestíbulo. Teatro El Mayal León: "**(212) Medea**" de Víctor M. Díez ás 19:30 horas
- **30 de marzo:** Aula de teatro Ourense Grupo Maricastaña: "**Imperator**" de Fernando Dacosta
- **31 de marzo:** Compañía teatro USC Santiago: "**En inverno non vai tempo para ir á praia pero ti insistiches en ir e facer un pic-nic**" de Roberto Salgueiro

## FINDECURTA

DO 24 AO 27 DE ABRIL. PROXECCIÓN E ENTREGA 29 DE MAIO ÁS 22:30 HORAS

## SONS CREATIVOS

DO 29 AO 31 DE MAIO.
CASA DO SABER ÁS 20:00 HORAS.

## CURSO DE PRIMAVERA

3ª SEMANA DE MAIO

## 2° CERTAME DE VIDEOCREACIÓN

NOVEMBRO

## MARATÓN FOTOGRÁFICO DO CAMPUS

NOVEMBRO

USC Universidade de Santiago de Compostela · CAMPUS TERRA · Concello de Lugo · DEPUTACIÓN DE LUGO Cultura VICEPRESIDENCIA

lugocultural · lugocultural

www.lugocultural.gal #LugoCultural2020

# Animación á lectura e contacontos

## Febreiro abril 2020



## Biblioteca Municipal Isidro Novo

### Parque da Milagrosa

Presentamos unha nova programación de animación á lectura para os primeiros meses do ano con actividades pensadas para achegar ás e aos máis pequenos á biblioteca, ao mundo da lectura e aos contos; prestando, ademais, especial atención ao fomento da igualdade de xénero.

A entrada a todas elas é gratuíta, pero é necesario retirar unha tarxeta de invitación. Estarán dispoñibles na biblioteca a partir do luns da semana da actuación correspondente. Comezarán a entregarse en horario de tarde, dende as 16:30 horas, e por estrita orde de chegada (máximo dúas invitacións por persoa).

É importante que vos fixedes nas idades ás que vai destinada cada sesión.

Concello de Lugo – Área de Cultura, Turismo e Promoción da lingua

#ActivandoLugo

**Mércores, 26 de febreiro ás 18:30 horas**

**ELECTRA MENÉNDEZ MUÑOZ**
**"A galiña dos ovos de conto"**
**Idades:** a partir de 3 anos
**Número de asistentes:** máximo 20
**Duración:** 75 minutos
**Retirada de invitacións a partir do luns, día 24 de febreiro.**

Os ovos da galiña Rosiña son ovos de conto, e vén á biblioteca cargada cunha ducia. Actividade creativa que xunta literatura e plástica, na que as nenas e nenos realizarán bonecos das personaxes dun conto que inventarán coa axuda de Rosiña.

**Mércores, 4 de marzo ás 18:30 horas**

**XERARDO QUINTIÁ "O País do Gran Furado"**
**Idades:** a partir de 5 anos
**Número de asistentes:** máximo 20
**Duración:** 45 minutos
**Retirada de invitacións a partir do luns, día 2 de marzo.**

Na semana do 8 de marzo celebramos o Día da Muller con Xerardo Quintiá, autor de O País do Gran Furado, obra gañadora do II Premio Fina Casalderrey de Literatura Infantil pola Igualdade (2019). Poesía, música e plástica para reflexionar sobre a mensaxe da súa obra.

**Mércores, 11 de marzo ás 18:30 horas**

**CHARO PITA "A pitiña Cocoricó"**
**Idades:** de 8 meses a 3 anos
**Número de asistentes:** máximo 20
**Duración:** 35 minutos
**Retirada de invitacións a partir do luns, día 9 de marzo.**

O arco da vella desapareceu e a lúa está triste. Só a pitiña Cocoricó, que acaba de saír do ovo, se atreve a ir na súa procura. Contos, cancións e xogos para as e os máis cativos acompañados por unha persoa adulta.

**Xoves, 26 de marzo ás 18:30 horas**

**TRÉCOLA TEATRO "Sen medo"**
**Idades:** a partir de 4 anos
**Número de asistentes:** máximo 40
**Duración:** 35 minutos
**Retirada de invitacións a partir do luns, día 23 de marzo.**

Dúas coidadoras dun parque natural contan as historias dos pingüins Roi e Silo, que queren ser pais, e das tartarugas namoradas Clementina e Artur. Tamén falarán de mulleres que loitaron polos seus soños e puxeron un valioso gran de area na historia do feminismo.

**Xoves, 16 de abril ás 18:30 horas**

**PAVÍS PAVÓS "Historias da marquesa"**
**Idades:** a partir de 4 anos
**Número de asistentes:** máximo 40
**Duración:** 50 minutos
**Retirada de invitacións a partir do luns, día 13 de abril.**

Historia da Señora Marquesa, unha viaxeira infatigable que cando se xubilou nos deixou un agasallo fantástico: a súa maleta, unha maleta encantada cargada de bruxas, trasnos, apócemas máxicas...

**Xoves, 23 de abril ás 18:30 horas**

**OS CONTOS DE PABLÍSIMO "Príncipas e princesos"**
**Idades:** a partir de 4 anos
**Número de asistentes:** máximo 40
**Duración:** 50 minutos
**Retirada de invitacións a partir do luns, día 20 de abril.**

Faise saber que se buscan príncipes rosas e princesas azuis! Faise saber que ides escoitar contos de valentas princesas enfrontándose a dragóns ou de príncipes que lavan a roupa! Son contos de príncipas e princesos: unha divertida reflexión sobre a igualdade.

# Clubes de lectura no Vello Cárcere



O VELLO CÁRCERE
CENTRO SOCIOCULTURAL

**Apúntate!**

Concello de Lugo
Área de Cultura, Turismo e Promoción da lingua

## SÁBADOS DE 12:00 A 13:00 HORAS

### "OS RATIÑOS DA BIBLIOTECA"

Para nenas e nenos de 8 a 10 anos.
Lecturas de clásicos da literatura infantil e xuvenil.

Datas:7 e 28/03, 2 e 23/05, 13/06, 4 e 25/07 e 15/08.

### "O FEMINISMO: TRES SÉCULOS DE HISTORIA"

Para público adulto.
Obras claves do feminismo.

Datas: 14/03, 18/04, 9 e 30/05, 20/06, 11/07 e 1 e 22/08.

### "A MEMORIA HISTÓRICA A TRAVÉS DA BANDA DESEÑADA"

Analizará algúns aspectos fundamentais da guerra civil e da ditadura franquista a través de distintos exemplares únicos da banda deseñada.

Datas: 21/03, 25/04, 16/05, 6 e 27/06, 18/07 e 8 e 29/08.

*A participación será gratuíta e as persoas interesadas deberán inscribirse no 982 297 195 ou no correo electrónico vellocarcere@concellodelugo.org*


ESQUECÍN que te ESQUECÍN
ASOCIACIÓN
Blanco Negro y Magenta
Do 6 de marzo 20:00h
ao 26 de maio 2020
Sala de Exposicións do
Pazo de San Marcos
Deputación provincial de Lugo
#DIM2020
Alexandra R. Rey
Almudena Armenta
Blanca Prendes
Carmen Imbach
Charo Corrales
Concha Mayordomo
Dora Román
Emi Azor
Eva Rodríguez
Leticia Reyero
Lo Súper
Maite Cajaraville
Marga Colás
María Jesús Manzanares
Marta Albarrán
Miren Manterola
Miriam Garlo
Narges Bazarjani
Soniya Amrital Patel
Teresa Blanco
Virginia Rivas
Virginia D´Angelo
Yolanda Lalonso
Artista invitada
Paloma Navares
Ilustración Marga Colás
Diseño Alexandra R.Rey
Cultura
ICOM


PROGRAMACIÓN LUGO EN DANZA 2020
10_XANEIRO 20.30h Gustavo Freire
Janet Novás//Mercedes
máis eu
7 FEBREIRO 19.00h Gustavo Freire
Traspediante// Up2Down
7_MARZO 20.00h MIHL
3 pezas curtas// Beatriz del Monte, Colectivo Glovo
e Alba Cotelo
3_ABRIL 20.30h Gustavo Freire
Diego M. Buceta//As
vacacións máis longas
24_ABRIL 20.30h Gustavo Freire
Nova Galega de Danza// Leira
29_MAIO 20.30h MILH
ANDRÉS CORCHERO
LED
AREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA


SOCIEDAD FILARMÓNICA LUGO
concertos
2019-2020
Todos os concertos ás 20:00 horas no Círculo das Artes
marzo
4 Giorgi Gigashvili, piano
Gañador Concurso Internacional de Piano Cidade de Vigo
F. Chopin: Nocturno op. 55, nº 2
e Mazurkas op. 30-4 e op. 50-3.
R. Schumann: Fantasía op. 17 en re maior
A. Scriabin: Sonata nº 3 en fa sostido menor
D. Shostakóvich: Preludio e fuga nº 24 en re menor
16 Ensemble Trifolium
J. P. de Almeida: Un músico ilustrado en terras lucenses
J. P. de Almeida: Cuartetos op. 6 nº 2 e op. 4 nº 3
L. v. Beethoven: Cuarteto op. 18 nº 6
21 Lina Tur Bonet, dirección
Orquestra Barroca Vigo 430
Coro Rías Baixas
J. S. Bach: Pasión segundo San Xoán
Sociedad Filarmónica de Lugo
Edificio Pazo de la Maza
(planta primeira, local 3)
Ruanova, 19 - 27001 Lugo
982 230 805
www.filarmonicadelugo.com
Altas de socios nos enderezos electrónicos
filarmonicadelugo@gmail.com
filarmonicadelugo.socios@gmail.com
Venda de entradas para non socios
nas oficinas do Círculo das Artes




## CINE
## MARZO DE MULLER 2020

O **Club Cultural Valle-Inclán** programa o ciclo de cine "Marzo de Muller 2020" no que se poderán ver tres películas nas que a muller é protagonista.

12 de marzo

**"LA INOCENCIA"**

*de Lucía Alemany, España, 2019. VOSE*

30 de marzo

**"REFUGIADO"**

*de Diego LermZan, Argentina, 2014. VOE*

Proxeccións no Salón de Actos do Pazo de San Marcos, en sesión de 19:30 horas.

Entrada libre e de balde ata completar aforo.




MÉRCORES 18

**PlayPlan Cultural presenta...**

FESTIVAL SONRÍAS BAIXAS

**Dakidarría**
**Muyayo Rif**

As cancións de Dakidarría son sempre sorprendentes pola súa capacidade de pasar do *ska* aos ritmos urbanos ou do *reggae* ao *punk* de forma completamente natural. A súa mestura de estilos garante unha descarga de festa nos seus concertos, a cal non impide que escoitemos neles mensaxes rebeldes e de loita que ás veces nos transmiten a rabia contra as inxustizas e ás veces o bo ambiente máis sincero... O mesmo levantan un festival que un furancho... e o Clavicémbalo!

A formación catalá Muyayo Rif ofrece un explosivo cóctel de ritmos latinos, *ska, reggae* e *punk* e unha singular e elaborada posta en escena a base de ventos, teclado, batería e guitarra. A enerxía e o *groove* marca da casa, engade actualmente sons como o *electroswing* e o *balkan*. Considerada unha das bandas máis internacionais da escena catalá, deu máis de cincocentos concertos e animou a concorrencia en salas e grandes festivais de España, Francia, Holanda, Rusia, Bélxica e Suíza. Hoxe está de xira, nova e internacional, para amosa-lo seu explosivo directo. Sen perde-lo sentido do humor, con moitas ganas de facer bailar, nin ese carácter social e reivindicativo. Muyayo Rif goza e fai gozar.

XOVES 19 ás 22:30 horas

**Pocket Corner** | *Jazz* | Noruega

Didrik Ingvaldsen: trompeta; Glenn Brun Henriksen: saxo alto; Aleksander Grønstad: guitarra; Ståle Birkeland: batería.

O grupo Pocket Corner é un dos principais e máis lonxevos da escena *free jazz* en Noruega. Fundado e dirixido polo trompetista Didrik Ingvaldsen no 1986, co decorrer dos anos converteuse nunha verdadeira institución pola que pasaron moitos dos actuais músicos do *avant-garde* noruegués como Paal Nilssen-Love entre outros. Herdeiro do son free creado por Ornette Coleman, impregna a súa música de elementos do *jazz* nórdico e da improvisación máis libre. O currículo de Didrik Ingvaldsen inclúe unha extensa formación en Noruega, Leeds (UK) e Nova York (Juliard), o traballo como profesor na cidade onde medrou, Stavanger, desde hai máis de trinta anos e unha extensa lista de publicacións, discos, grupos e colaboracións.

1906 PARA UNA INMENSA MINORÍA

Emenda e traduce: Shui Lóng | saddayakko@gmail.com

Rede galega de música ao vivo · clubtura · AGADIC

**XOVES 5 E VENRES 6... Microefectos Dramatúrxicos**
Pezas:
*AFT* de Anxo Manoel.
*... E daquela decidiches mudar nun can* de Raquel López.
*Polos sen cabeza* de Isa Herrero.
*Café con T: unha historia de Soledad* de María Grandío.



**SÁBADO 7... 22:30 horas...**
**Back to Nature Metal Fest**
**Arson Tides** (*metalcore*. Vigo) +
**Burning The Waves** (*metalcore*. Cantabria) +
**Galiryon** (*death metal* melódico. Lugo)

**XOVES 12... *Rock & Blues Jam Session***
| Fábrica de Sons | Entrada libre

**VENRES 13... Festiblus VI: RED HOUSE**



Jeff Spinoza: guitarra, voz; Francisco Simón: guitarra; Carlos Sánchez: batería; Manuel Bagües: baixo.

Red House forma parte da historia viva do *blues* no noso país. Vinte anos quizais non son nada para un tango pero, no xénero que naceu xunto ao Mississippi, resulta admirable unha aventura tan lonxeva e intensa que pronto cumprirá dúas décadas na estrada. A banda máis célebre do *blues rock* do noso país visita o Festiblus VI cargada de forza e disposta a imprimir no espectador irrefreables ansias de baile.

RED HOUSE é resultado dunha longa amizade entre Jeff Espinoza e Francisco Simón. A historia deste tándem remóntase ao tempo no que se coñeceron en España cando membros dos Flying Gallardos. Desde entón, o seu traballo xuntos deu como resultado o desenvolvemento dunha das mellores bandas de *blues* de Europa: Red House. Froito daquelas vivencias, hoxe, Red House é o grupo ideal onde ten cabida desde o *funk soul* ata o *hillbilly*, sempre con ese *bluesy touch* que tan ben o define e caracteriza. Sería imposible resumila súa historia en poucas palabras pero, desde logo, Red House é sinónimo dunha forza e elegancia que só podemos gozar nas súas actuacións en directo, atordándonos coa súa incrible enerxía e bo gusto que fan cada concerto único e inesquecible. Nacido no 98 co lanzamento do disco homónimo, Red House, prodígase estes últimos anos con catro álbums máis, *Hold On, Captured Live, Rattlesnake Road* e *Chihuahua Boogie*, que recibiron as mellores críticas por parte da prensa especializada.

**SÁBADO 14... Festiblus VI:**
**MARTINS ANEIROS BAND**



Paula Martins: voz; Víctor Aneiros: guitarra; Marcos Sánchez: batería; Víctor Gacio: baixo.

Considerado un dos pioneiros do *blues rock* en galego, inicia a súa carreira en solitario no 1999 formando Víctor Aneiros & Blue Notes e editando *Que el blues te acompañe*. A Martins Aneiros Band xorde da unión da cantante Paula Martins —quen fora voz da Big Botton Band— e de Víctor Aneiros —guitarrista galego que leva xa oito discos ás costas—. O verán pasado a cantante foi convidada do grupo deste ferrolán para as actuacións no Fisterra Blues Experience e no Discalzos Polo Festival, mais a orixe da súa alianza musical remóntase a hai máis dunha década. En *Heroe Secreto*, o disco que Aneiros editou no ano 2008, xa podiamos escoita-la súa guitarra acompañando a voz de Martins, que entoaba o himno da emigración galega «Unha noite na eira do trigo». Agora, xunto ao batería Marcos Sánchez e o baixista Víctor Gacio, embarcan para unha nova viaxe conxunta interpretando temas clásicos dos xéneros *blues, rock* e *soul*.

**MÉRCORES 18... PlayPlan Cultural presenta...**
**SonRías Baixas: Dakidarría, Muyayo Rif**



**XOVES 19...**
**Ás 22:30 horas... Pocket Corner**
| *Jazz* | Noruega
Didrik Ingvaldsen: trompeta; Glenn Brun Henriksen: saxo alto; Aleksander Grønstad: guitarra; Ståle Birkeland: batería.



**VENRES 20... Festiblus VI: JAKE LA BOTZ**



Jake La Botz (nacido no 1968) é un cantante de *blues* e actor estadounidense orixinario de Chicago. No 2006 creou o *Tattoo Across America Tour*, a primeira xira mundial de salóns de tatuaxes. Ademais actuou en varias películas, entre elas *Animal Factory, Ghost World, Lonesome Jim* e a cuarta de Rambo, *John Rambo*, na que interpreta a un mercenario contratado para rescatar misioneiros cristiáns capturados pola armada birmana. Nunha entrevista para *Billboard* no 2002, La Botz dicía que aprendeu nos seu comezos, cando tocaba en metros e na rúa, dos vellos bluseiros de Chicago. Jimmy Davis (da rúa Maxwell), Homesick James... Outro dos seus mentores foi David Honeyboy Edwards. Jake La Botz: fillo de Dan La Botz e irmán de Leon del Muerte.

**SÁBADO 21... Festiblus VI: A CONTRA BLUES**

Alberto Noel Calvillo: guitarra eléctrica, coros; Héctor Martín: guitarra eléctrica, coros; Joan Vigo: contrabaixo, baixo; Núria Perich: batería; Jonathan Herrero: voz, guitarra.



A Contra Blues é, sen dúbida, unha das mellores bandas do panorama Europeo actual. Aválana ter gañado o European Blues Challenge 2014, catorce anos de carreira musical, máis de setecentos cincuenta concertos e sete traballos discográficos. Desde o seu debut non parou de viaxar e de tocar nos máis variados escenarios, desde as rúas de Barcelona ata os grandes festivais europeos. A súa posta en escena é inapelable. Unha experiencia única chea de forza, solidez e empatía coa audiencia
Discografía: *Jab* (2019), *Heart and Guts* (2017), *R&B, Rarezas y Blues* (2015), *Chances* (2013), *En vivo* (2012), *A Contra Blues II* (2010), *A Contra Blues* (2008).

**XOVES 26... 22:30 horas... *Impro*: Lusco e Fusco + Curuxán**

**VENRES 27... Tributo a Queen**
Banda homenaxe a Queen que transitará polos mellores éxitos e directos do coñecido grupo inglés.
Saulo Sause: guitarra; Miguel Godoy: voz; Ro Muñoz: batería; Gonzo Piña: baixo; Luis Monsalve: teclados.



**SÁBADO 28... 22:30 horas... Noite de metal:**
**Born in Exile** (*progressive metal*) +
**Barbarian Prophecies** (*death metal*) +
**Outreach** (*melodeath/progressive*)



Información cultural elaborada o mércores 04/03. Séguenos nas nosas redes, e segue as redes das entidades, promotores culturais e medios de comunicación locais para as actualizacións correspondentes.

Envía o teu evento cultural por privado ás nosas redes para saír a próxima semana:

**www.facebook.com/LugoTurismo**

**www.instagram.com/culturaturismolugo**

**www.twitter.com/LugoTurismo**

Coa cultura en Lugo:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CAMPUS TERRA

DEPUTACIÓN DE LUGO Cultura VICEPRESIDENCIA

**Concello de Lugo**

Área de Cultura, Turismo e Promoción da lingua